

7. A cooficialidade lingüística na Constitución e no Estatuto de autonomía de Galicia. A Lei de normalización lingüística de Galicia. A Lei de uso do galego polas Corporacións locais. O galego na Lei da función pública de Galicia. Ordenanza de impulso do uso do galego no concello de Pontevedra.

## SEGUNDA PARTE

1. O dereito administrativo e o seu concepto. As fontes do ordenamento xurídico. A Constitución. A lei. Disposicións normativas con rango de lei. Os regulamentos. O costume. Os principios xerais do dereito. A xurisprudencia.
2. O acto administrativo: concepto, elementos e clases. Invalidez dos actos administrativos: nulidade e anulabilidade. Os recursos administrativos. Revisión de oficio dos actos administrativos.
3. O procedemento administrativo. Fases do procedemento administrativo común. O deber de resolver e notificar. Os expedientes e o seu arquivo.
4. A Administración local: concepto e evolución. A Administración local na Constitución española. Regulación xurídica actual do réxime local. Entidades que comprende. O municipio e as súas competencias. Servizos mínimos obrigatorios.
5. O Goberno municipal. O Pleno da Corporación. O Alcalde. A Xunta de Goberno Local. As Comisións Informativas. Outros órganos complementarios e os grupos políticos municipais. Municipios de gran poboación: municipios de aplicación, organización e funcionamento dos órganos municipais necesarios e xestión económica-financeira.
6. A provincia. Concepto, elementos e competencias. O Plan Provincial de Cooperación. Órganos de goberno da Deputación provincial: Pleno, Presidente, Vicepresidentes, Xunta de Goberno Local, Comisións Informativas, outros órganos complementarios.
7. Réxime e funcionamento dos órganos colexiados locais. Convocatoria, orde do día, actas e certificacións.
8. O rexistro de documentos. Comunicacións e notificacións. A práctica das notificacións.
9. O persoal ao servizo da Administración local. Instrumentos para a ordenación e organización do persoal. Clasificación do funcionariado local e as súas funcións. Adquisición e perda da condición de funcionario. O persoal laboral ao servizo da Administración local. Os directivos públicos locais. O persoal eventual.
10. Dereito e deberes dos funcionarios locais. Retribucións e protección social dos funcionarios lo-

cais. Réxime disciplinario dos funcionarios locais. Situacións administrativas dos funcionarios.

11. O cidadán como cliente da Administración. O estatuto dos veciños. A atención ao público. A oficina de información e atención ao cidadán.
12. Os regulamentos e ordenanzas locais. Clases. Procedemento de elaboración, aprobación e vixencia.
13. Os bens das entidades locais: clases e réxime xurídico. As Facendas locais. Clases de tributos locais. O orzamento xeral dos entes locais: estrutura, elaboración e aprobación.

## 6. UNHA PRAZA DE ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS

### PRIMEIRA. NÚMERO DE PRAZAS E CARACTERÍSTICAS

Convócase unha praza de enxeñeiro de camiños, canles e portos integrada no grupo "A", subgrupo A1 da subescala técnica da escala de Administración especial, clase técnicos superiores, dotada coas retribucións básicas correspondentes ao seu grupo de titulación e as complementarias asignadas ao posto de traballo ao que se adscriba a praza.

Figura incluída no réxime de dedicación exclusiva.

### SEGUNDA. SISTEMA DE SELECCIÓN

Establécese como sistema de selección a oposición libre.

### TERCEIRA. CONDICIÓNS DOS ASPIRANTES

Ademais das condicións xerais sinaladas na base terceira das bases xerais, os aspirantes deberán estar en posesión do título superior de enxeñeiro de camiños, canles e portos.

### CUARTA. EXERCICIOS DA OPOSICIÓN

- a) PRIMEIRO EXERCICIO ESCRITO, OBRIGATORIO E ELIMINATORIO. Consistirá en desenvolver por escrito, no prazo máximo de tres horas, un tema de carácter xeral, determinado polo tribunal inmediateamente antes do inicio do exercicio e relacionado co programa establecido na base quinta, aínda que non se ataña ao epígrafe concreto do mesmo. Os aspirantes terán ampla liberdade no tocante á forma de exposición valorándose a formación xeral, a claridade de ideas, así como o rigor e precisión na exposición. Este exercicio puntuaranse de cero (0) a dez (10) puntos sendo necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos. Esta proba deberá ser lida obrigatoriamente, ante o tribunal, en sesión pública.

- b) **SEGUNDO EJERCICIO ESCRITO, OBRIGATORIO E ELIMINATORIO.** Consistirá en contestar por escrito, nun tempo máximo de tres horas, a catro temas determinados ao chou polo tribunal de entre os comprendidos na 2ª e 3ª parte do programa establecido na base quinta. Neste exercicio avaliaranse os coñecementos sobre os temas expostos. Este exercicio puntuaranse de cero (0) a dez (10) puntos sendo necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos. Esta proba deberá ser lida obrigatoriamente, ante o tribunal, en sesión pública.
- c) **TERCEIRO EJERCICIO ESCRITO, OBRIGATORIO E NON ELIMINATORIO, SOBRE COÑECEMENTO DO IDIOMA GALEGO:** Consistirá, a elección do tribunal, na redacción dun informe, texto ou nun ditado en relación coas funcións do posto durante un tempo máximo de 30 minutos. Neste exercicio valorarase a corrección gramatical e estilística, así como o emprego dun léxico adecuado ao tema exposto. Este exercicio puntuarase de cero (0) a tres (3) puntos.
- d) **CUARTO EJERCICIO ESCRITO, OBRIGATORIO E ELIMINATORIO:** Consistirá no desenvolvemento dun ou varios supostos prácticos, determinado/s polo tribunal inmediatamente antes do inicio deste exercicio e durante o período de catro horas, en relación coas materias contidas no programa establecido na base quinta; Durante o desenvolvemento desta proba os aspirantes poderán, en todo momento, facer uso dos textos legais dos que acudan provistos, non permitíndose o manexo de textos comentados nin libros de formularios. Os aspirantes deberán expoñer e xustificar este exercicio ante o tribunal en sesión pública. Neste exercicio valorarase a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos presentados. Este exercicio puntuaranse de cero (0) a dez (10) puntos sendo necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos. Esta proba deberá ser lida obrigatoriamente, ante o tribunal, en sesión pública.
- e) **QUINTO EJERCICIO PRÁCTICO, OBRIGATORIO E NON ELIMINATORIO.** Consistirá nunha proba de coñecemento práctico a nivel usuario de contorno operativo Windows, manexo de ferramentas de ofimática (OpenOffice) e de utilidades elementais de internet en dito contorno (navegación, correo electrónico, etc.), no tempo que estableza o tribunal. Este exercicio puntuarase de cero (0) a tres (3) puntos.
- QUINTA. PROGRAMA*
- PRIMEIRA PARTE*
1. A Constitución Española de 1978: significado e estrutura. Principios xerais. Reforma da Constitución. Dereito e deberes fundamentais dos españois. Garantía e suspensión.
  2. A organización do Estado español na Constitución. A Coroa. As Cortes Xerais. O Poder Xudicial. O Poder Executivo.
  3. O Estado das autonomías. Modo de organización estatal na Constitución española. Caracteres do dereito á autonomía. Competencias das comunidades autónomas. Contido e valor normativo dos estatutos de autonomía. O Estatuto de autonomía de Galicia. A cooficialidade lingüística na Constitución e no Estatuto de autonomía de Galicia.
  4. O dereito administrativo e o seu concepto. As fontes do ordenamento xurídico. A Constitución. A lei. Disposicións normativas con rango de lei. Os regulamentos. O costume. Os principios xerais do dereito. A xurisprudencia.
  5. O acto administrativo: concepto, elementos e clases. Invalidez dos actos administrativos: nulidade e anulabilidade. Os recursos administrativos. Revisión de oficio dos actos administrativos.
  6. O procedemento administrativo. Fases do procedemento administrativo común. O deber de resolver e notificar. Os expedientes e o seu arquivo.
  7. A Administración local: concepto e evolución. A Administración local na Constitución española. Regulación xurídica actual do réxime local. Entidades que comprende. O municipio e as súas competencias. Servizos mínimos obrigatorios.
  8. O Goberno municipal. O Pleno da Corporación. O Alcalde. A Xunta de Goberno Local. As Comisións Informativas. Outros órganos complementarios e os grupos políticos municipais. Municipios de gran poboación: municipios de aplicación, organización e funcionamento dos órganos municipais necesarios e xestión económica-financeira. Réxime e funcionamento dos órganos colexiados locais. Convocatoria, orde do día, actas e certificacións.
  9. O rexistro de documentos. Comunicacions e notificacións. A práctica das notificacións.
  10. O persoal ao servizo da Administración local. Instrumentos para a ordenación e organización do persoal. Clasificación do funcionariado local e as súas funcións. Adquisición e perda da condición de funcionario. O persoal laboral ao servizo da Administración local. Os directivos públicos locais. O persoal eventual.

11. Dereito e deberes dos funcionarios locais. Retribucións e protección social dos funcionarios locais. Réxime disciplinario dos funcionarios locais. Situacións administrativas dos funcionarios.
12. O cidadán como cliente da Administración. O estatuto dos veciños. A atención ao público. A oficina de información e atención ao cidadán.
13. Os regulamentos e ordenanzas locais. Clases. Procedemento de elaboración, aprobación e vixencia.
14. Os bens das entidades locais: clases e réxime xurídico. As Facendas locais. Clases de tributos locais. O orzamento xeral dos entes locais: estrutura, elaboración e aprobación.
15. Os contratos administrativos de obras, de concesión de obra pública, xestión de servizos públicos, de subministro e de servizos. Réxime xurídico.
16. Redacción dos proxectos de obras. Documentación técnica. A seguridade e hixiene aplicada á construción.
17. Os órganos de contratación. A selección do contratista e adxudicación dos contratos. A execución e modificación dos contratos administrativos. Revisión de prezos. Cumprimento e resolución dos contratos.
18. Certificacións de obra e relacións valoradas. Liquidación e recepción de obras. Devolución da garantía.
6. Normativa do Sector Ferroviario. Incidencia sobre o planeamento urbanístico. Parámetros en alta velocidade. As infraestruturas ferroviarias no entorno urbano. Problemática. Alternativas para a súa integración.
7. Leis e regulamentos de estradas das distintas administracións. Os planes de estradas e a súa vinculación co planeamento urbanístico.
8. A avaliación ambiental. Principios. O marco xurídico. O procedemento da avaliación de impacto ambiental.
9. Accesibilidade. Marco legal. Tipos de barreiras. Itinerarios. Vaos. Elementos de urbanización. Aparcadoiros. Ramplas. Mobiliario urbano.
10. Seguridade e saúde. Normativa vixente. Disposicións específicas nas fases de proxecto e obra. Os estudos e planos de seguridade e saúde.
11. A expropiación forzosa. Os actos administrativos previos, xustiprezo, xurado, pago e ocupación de bens. Procedemento de urxencia e outros especiais.
12. A lexislación urbanística en España. Competencias das Administracións central, autonómica e local en relación coa ordenación do territorio e o urbanismo. Referencia histórica a recente lexislación.
13. A Lei do solo de Galicia. Xustificación e principios inspiradores. As valoracións urbanísticas nas distintas clases de solo.
14. O planeamento supramunicipal. Instrumentos de ordenación territorial de ámbito supramunicipal.

#### SEGUNDA PARTE

1. A normativa estatal e autonómica en materia de augas. A Directiva 2000/60/CE. O dominio público hidráulico. A administración pública do auga e o planeamento hidrolóxico.
2. Lexislación de augas en relación á súa calidade. A Directiva 91/271/CEE e a súa trasposición ó dereito español. Declaración de vertidos. Autorización de vertidos. Redes de saneamento: colectores. Emisarios submarinos.
3. O dominio público marítimo terrestre. A súa utilización. Os informes das Administracións sobre plans e normas de ordenación territorial e urbanística no litoral.
4. Competencias administrativas sobre o dpmt. Competencias do Estado, da Comunidade Autónoma e do Concello. Limitacións á propiedade sobre os terreos contiguos a ribeira do mar. Servidumes legais. Zona de influencia.
5. O dominio público portuario. O sistema portuario. Competencias, estrutura e organización.
15. Instrumentos de ordenación urbanística: planeamiento xeral e de desenvolvemento. Clases de solo e o seu réxime xurídico.
16. O Plan Xeral de Ordenación Urbanística: determinacións e documentos que o integran.
17. Os plans parciais: determinacións e contido documental.
18. Os plans especiais: funcións, determinacións e contido documental.
19. Os estudos de detalle: contido e funcións. Os proxectos de urbanización.
20. A elaboración, tramitación e aprobación dos instrumentos de ordenación urbanística.
21. A vixencia dos plans de ordenación urbanística. Revisión e modificación do planeamento xeral.
22. Execución do planeamento. Sistemas de actuación: compensación, cooperación e expropiación. Elección do sistema.

23. O Plan Xeral de Ordenación Urbana de Pontevedra. Principais determinacións. Clasificación do solo e normativa urbanística.
24. As licenzas, as ordes de execución, a declaración de ruina. A intervención administrativa en defensa do medio ambiente: actividades molestas, insalubres, nocivas e molestas.

### TERCEIRA PARTE

1. Avaliación dos recursos hidráulicos existentes. As demandas. Os balances hidráulicos. Ciclo hidrolóxico. Regulación. Hidroloxía das augas subterráneas. Técnicas especiais e indirectas para incrementar a eficacia dos recursos do auga. Actuación sobre a oferta. Actuacións sobre a demanda.
2. Abastecemento a poboacións. Prognose da demanda. Perdas na rede. Captacións superficiais e subterráneas. Redes de distribución. Depósitos e a súa explotación. Condicións de potabilidade.
3. Presas. Xeneralidades. Normativa específica de seguridade das presas. Clasificación das presas. Desaugadoiros. Explotación dos encoros e planes de emerxencia.
4. Técnicas de depuración das augas residuais. Tecnoloxía da depuración físico-química: pretratamento e tratamentos primarios. Tecnoloxía de eliminación biolóxica de nutrientes: tratamentos secundarios. Tratamentos terciarios. Control e índices de contaminación. autodepuración en cursos naturais.
5. Estudo da restauración do cauce e ribeira dun río. Métodos para o estudio da calidade das augas nos ríos. Protección e regularización de cauces. Defensa da poboación.
6. Conducións en carga. Cavitación. Tipo de tuberías. Tipo de xuntas. Normativa. Canais, tipos e xuntas.
7. Estacións de bombeo. Conceptos básicos. Tipo de bombas: características e selección. Transitorios. Elementos construtivos. Enxeñería de impulsións.
8. O abastecemento de Pontevedra: descrición e análise.
9. O saneamento de Pontevedra: descrición e análise
10. Proxectos de praias artificiais. A granulometría da area como condicionante no deseño. Os paseos marítimos. Os seus equipamentos e servizos.
11. Cartografía e topografía nos estudos das estradas. Estudos xeolóxicos e xeotécnicos. Estudos sísmicos.
12. Estudos do tráfico. Características da circulación. Variables básicas. Capacidade e niveis de servizo. Factores que os afectan. Tratamentos para mellorar a circulación.
13. O trazado das estradas. Trazado en planta e trazado en alzado.
14. A sección transversal das estradas. Os bombeos, noiros, cunetas e outros elementos.
15. Nós. Principios básicos e elementos de trazado. Morfoloxía. Enlaces. Interseccións. As rotondas.
16. O movemento de terras. Clasificación dos solos. Compactación. Explanacións. Terrapléns e pedrapléns. A capacidade de soporte das explanadas.
17. Os estudos hidrolóxicos e hidráulicos. O drenaxe superficial e subterráneo.
18. Obras de paso. Tipoloxías. As pontes.
19. Túneles. Métodos construtivos. O sostemento e revestimento. Equipamentos e instalación.
20. Firmes. Constitución. Os seus materiais. Mesturas bituminosas e pavimentos de formigón.
21. Firmes: Características superficiais e estruturais. Auscultación e conservación
22. Sinalización e balizamento. A defensa. Medidas para garantir a fluidez e seguridade durante as obras. Iluminación e semaforización.
23. A seguridade vial. Os estudos dos accidentes. Os factores condicionantes. As medidas de seguridade.
24. O aseguramento da calidade. Os plans de aseguramento da calidade do contratista.
25. Ensaio dos materiais. Cementos, formigóns e aceiros. Análise e características de solos e rochas. Ensaio de laboratorio.
26. Explotación dos viais. Ordenación da circulación. Regulación do tráfico. Información ao público e axudas ó usuario. Defensa da estrada. Accesos.
27. A rúa como espazo funcional. Condicionantes do deseño. Tipoloxía de rúas.
28. A calzada. Factores diferenciadores do trazado no viario urbano. Os elementos da sección transversal.
29. Espazo do peón. Parámetros do deseño. As distintas zonas funcionais. Sendas e camiños peonís.
30. Pavimentación de vías urbanas. Diferenzas coas vías en campo aberto. Recomendacións no deseño. Firmes por elementos.

31. Elementos complementarios da pavimentación. Os aparcadoiros superficiais e soterrados. O espazo da bicicleta.
32. Infraestrutura viaria do municipio de Pontevedra: coñecemento, problemática e análise
33. Calmar o tráfico. Os seus beneficios. As prácticas tendentes a moderar o tráfico. A amortiguación da velocidade do tráfico.
34. Organización do espazo territorial. A malla territorial urbana. Demanda do transporte e adaptación das infraestruturas ao mesmo.
35. Planificación das infraestruturas e o transporte. Indicadores económicos, socioeconómicos e territoriais.
36. Modos do transporte urbano e as súas características. Instalacións fixas. Organización e modelos existentes. Aplicacións das novas tecnoloxías ao tráfico urbano.
37. O proxecto dos servizos urbanos municipais. Bases legais da prestación dos servizos. Relación da enxeñería urbana coa ordenación do territorio e o urbanismo. Proxectos de urbanización e os servizos urbanos
38. Distribución eléctrica no medio urbano. As liñas de alta e baixa tensión. Os centros de transformación. Normativa e canalizacións.
39. O alumbrado público. Función e características do alumbrado. Criterios para o deseño e proxecto do alumbrado público.
40. Redes de distribución de información. Redes de telefonía fixa. Rede de cabo de fibra óptica. Criterios de deseño e execución.
41. Instalacións urbanas de distribución de gases combustíbeis. Materiais. Criterios de deseño e execución.
42. Residuos sólidos urbanos. A recollida selectiva e convencional. Os tratamentos. A normativa. A participación das Entidades Locais nos sistemas integrados de xestión.
43. A planificación e o medio ambiente. Avaliación ambiental estratéxica. Xestión ambiental das infraestruturas.
44. A calidade do aire exterior. Protección atmosférica. Tipos de contaminación. Marco normativo.
45. A contaminación acústica. Normativa sobre o ruído. Efectos sobre a saúde e o medio ambiente. A avaliación, prevención e redución do ruído ambiental.
46. Xeotecnia das cimentacións. Problemática de terreos brandos. Tratamento e mellora. Estabilidade de noiros.

47. Cimentacións superficiais e profundas. Procedementos de execución.
48. Muros de contención. Tipoloxía e tipos de empurre. Formas de esgotamento

## 7. UNHA PRAZA DE ARQUITECTO

### PRIMEIRA. NÚMERO DE PRAZAS E CARACTERÍSTICAS

Convócase unha praza de arquitecto, integrada no grupo "A", subgrupo A1 da subescala técnica da escala de Administración especial, clase técnicos superiores, dotada coas retribucións básicas correspondentes ao seu grupo de titulación e as complementarias asignadas ao posto de traballo ao que se adscriba a praza.

Figura incluída no réxime de dedicación exclusiva.

### SEGUNDA. SISTEMA DE SELECCIÓN

Establécese como sistema de selección a oposición libre.

### TERCEIRA. CONDICIÓNS DOS ASPIRANTES

Ademais das condicións xerais sinaladas na base terceira das bases xerais, os aspirantes deberán estar en posesión do título superior de arquitecto.

### CUARTA. EXERCICIOS DA OPOSICIÓN

- a) PRIMEIRO EXERCICIO ESCRITO, OBRIGATORIO E ELIMINATORIO. Consistirá en desenvolver por escrito, no prazo máximo de tres horas, un tema de carácter xeral, determinado polo tribunal inmediatamente antes do inicio do exercicio e relacionado co programa establecido na base quinta, aínda que non se ataña ao epígrafe concreto do mesmo. Os aspirantes terán ampla liberdade no tocante á forma de exposición valorándose a formación xeral, a claridade de ideas, así como o rigor e precisión na exposición. Este exercicio puntuaranse de cero (0) a dez (10) puntos sendo necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos. Esta proba deberá ser lida obrigatoriamente, ante o tribunal, en sesión pública.
- b) SEGUNDO EXERCICIO ESCRITO, OBRIGATORIO E ELIMINATORIO. Consistirá en contestar por escrito, nun tempo máximo de tres horas, a catro temas determinados ao chou polo tribunal de entre os comprendidos na 2ª e 3ª parte do programa establecido na base quinta. Neste exercicio avaliaranse os coñecementos sobre os temas expostos. Este exercicio puntuaranse de cero (0) a dez (10) puntos sendo necesario para aprobar obter unha puntuación mí-